

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

PRESENTASE NA CORUÑA ESTE MÉRCORES

A poesía mapuche, en galego

Lua de xemas frías recolle unha escolma de poemas daquela lingua, antologados por Xulio L. Valcárcel.

Redacción - 11:25 20/05/2009

"...Hoxe, cunha globalización que pretende chegar coa súa teima uniformizadora e esterilizante aos lugares máis recónditos, os mapuches tratan de conservar a súa identidade. A loita tenaz e admirable deste pobo pola preservación, fronte a tanta e tan aberta hostilidade, dos seus sinais identitarios, a súa encomiable resistencia fronte á sociedade consumista de carácter masificador e homogenizador, e o papel esencial que nese proceso de afirmación do propio teñen desempeñado con orgullo os seus poetas, explican o porqué deste libro". Así fala Xulio L. Valcárcel, recente premio da AELG ao mellor poemario do ano por *A melancolía dos corpos*, e editor desta escolma de poesía mapuche.

Lua de Xemas Frías, editado por [Espirál Maior](#), recolle poemas de [Elicura Chihuailaf](#), [Graciela Huinao](#), [César Millahueique](#), [Maria Teresa Panchillo](#) e [Pablo Huirimilla](#). Na presentación, que terá lugar ás oito da tarde deste mércores na Galería Sargadelos da Coruña (Rúa Real, 56) participarán, ademais de Xulio L. Valcárcel e Miguel Anxo Fernán Vello, Omar Contreras (irmán do poeta chileno Iván Contreras), e os actores Gustavo Pernas e Ánxela G. Abalo.

Elicura Chihuailaf (Quechurewe, 1952)

ÑI PEWMA MEW GÜMAN

Ka mapu mülepun gümaken

ñi pewma mew

rofülenew ti pu wechun wenu

ñi pu mawidantu mew

Müte alütuwlay ti rüpi

pu lamgen, pu peñi

ka witrallen mülen tüfachi Ko

mew, pifiñ

Küpalelmu chi tamün Kallfü

Kawell wirafkülen wiñotuan

Kamapu küpan, welu ñi kümel

kaley ñi piwke

Eymün mew ta choyügen

Femgechi duguañiñ tañi ayin
pu Che.

NOS MEUS SOÑOS

*Lonxe da miña terra teño soidades
cando nos meus sonhos
abrázanme os outos cumes
das miñas montañas.*

*Non é tan ancho o mar
irmás, irmáns,
e de pé estou sobre estas augas,
dígolles.*

*Envíenme o voso cabalo
azul, galopando volverei
De lonxe veño, pero o meu
corazón resplandece
De vostedes son fillo, pois
Así falarei a nose Xente
Amada.*

César Millahueique (Curanilahue, 1961)

Pu üñüm mülmülüpuy tañi re foro kalül mew fey ütrünarün ta rüpü ñi welliñ mew, wezwezkülen welügkün mew, zügun ka kütshal amunerpuel wallmapu mew, wera che ka itxo fill kulliñ, zoy kuyfike txokiñ ñi niefiel, ütamekelu küme zügu ka weza zügu txünkay mew, antü egü pun ñi küziñ mew. xitxagküley txaf afpun wichan, chi pu günewichan kake kafküliwmekekewigün ka maychü eypimekekewigün aremal ta pañilwe kütshalwe mew mülelu ragiñ mülewe,

Os paxaros tremeron no meu esqueleto e caín ao baleiro das rúas, folla de sensacións, de sons e de lumes proxectando ao mundo, a multitudes e animais das especies máis diversas, dos pobos máis antigos, apacentando no círculo do ben e do mal, no útero do día e da noite. Permanecín espida ante o xuízo final, os xuíces besbellaban os uns aos outros e con sinais ordenaban requentar os ferros do braseiro central da sala...